

## **AER PROPÓN CONCLUÍR OS TRABALLOS DE TOPONIMIA EN TODO O CONCELLO E INCORPORALOS AO NOVO PXOM**



**As parroquias de Saxamonde, Negros, Cabeiro, Vilar e Cedeira xa contan cun estudo.**

**Faltarían Cesantes, O Viso, Ventosela, Vilavella, Redondela, Quintela, Trasmañó, Chapela e Reboreda, aínda que esta xa conta cun interesante traballo realizado por Alén Nós.**

**O goberno de Javier Bas non foi quen de avanzar nada neste ámbito dende 2013.**

No ano 2012, o Concello de Redondela encargou á Cooperativa Trespés o traballo de recollida de microtoponimia nas parroquias de Saxamonde e Negros, obténdose unha serie de resultados consistentes na recuperación de diversa microtoponimia e a correspondente xeorreferenciación. Ao ano seguinte procedeuse do mesmo xeito coas parroquias de Cabeiro e Vilar. Daquela expuxéronse os resultados mediante senllos relatorios nos diversos centros culturais destas parroquias.

Estes traballos quedaron perdidos entre a documentación do Concello sen que estiveran debidamente arquivados. Despois de meses de busca, AER puido localizar estes estudos, ao que hai que engadir o de Cedeira, que tamén fora realizado. Así pois, quedan diversas parroquias sen tan necesario estudo toponímico: Cesantes, O Viso, Ventosela, Vilavella, Redondela, Quintela, Trasmañó, Chapela e Reboreda, aínda que esta conta xa cun interesante traballo realizado pola asociación cultural Alén Nós.

### **Desidia do goberno local**

Cada vez que AER instou ao goberno local para que continuase con este traballo, a resposta dada foi sempre a mesma: que o equipo redactor do PXOM xa o realizaría. Se AER insistiu neste particular foi porque sempre puxo en dúbida que un equipo redactor dun PXOM realizase os estudos de microtoponimia en detalle. Así pois, na última comisión do PXOM preguntouse ao equipo redactor sobre este aspecto e estes contestaron que certamente non era o seu cometido realizar estudos en detalle de microtoponimia e que no PXOM incluírían unicamente a información que se lle proporcionase.

### **Memoria histórica**

Visto o anteriormente exposto, entendendo a necesidade de rematar os traballos de microtoponimia para todo o concello, da necesidade de difundir entre a veciñanza eses estudos para recuperar e conservar a memoria histórica en canto a toponimia, AER considera necesario continuar con aqueles traballos de toponimia realizados nos anos 2012 e 2013 e darlle a oportuna difusión, contando coa colaboración dos centros e asociacións culturais, mediante conferencias, dípticos, rotulación de localizacións, etc.

A modo de exemplo dun traballo de difusión da toponimia interesante para replicar, cabe facer referencia ao proxecto titulado “Chamámonos Así” do Concello de Pontevedra, que se pode consultar no seguinte enlace: <http://toponimia.pontevedra.eu/web/app.php/ficha/>

## **Proposta de AER**

Por todo o anteriormente exposto, a Agrupación de Electores de Redondela solicitará do pleno da corporación municipal adoptar o **ACORDO de instar ao goberno local a:**

- **Proporcionarlle ao equipo redactor do PXOM os estudos toponímicos xa realizados de Cabeiro, Cedeira, Quintela, Saxamonde e Vilar.**
- **Licitación dunha asistencia especializada para o estudo, recollida, xeolocalización e recuperación da toponimia das parroquias de Cesantes, O Viso, Ventosela, Vilavella, Redondela, Quintela, Trasmañó, Chapela e Reboreda.**
- **Dispoñer un apartado específico na web do Concello de Redondela coa información destes traballos de recuperación e cos enlaces para a súa visualización en visores estándares de cartografía.**
- **Poñer a disposición do Arquivo Municipal de Redondela toda esta información e documentación para que estea dispoñible para a veciñanza actual e futura, así como a diversos estudosos sobre aspectos do territorio.**
- **Elaborar cadansúa publicación da microtoponimia por parroquia acompañada do correspondente plano representativo, distribuíndoas e publicitándoas axeitadamente. Ou sexa, realizar un traballo de posta en valor e difusión pública da información sobre toponimia recollida e xeolocalizada. Para esta posta en valor propónse estudar a posibilidade de contactar coa Universidade de Vigo e a súa Área de Normalización Lingüística e/ou coa Comisión de toponimia da Real Academia Galega e/ou coa Asociación Galega de Toponimia, para estudar a viabilidade dun convenio para desenvolver esta labor .**

Redondela, 21 de xaneiro de 2019